



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE TEO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E CONSOLIDACIÓN DA PONTE DE RÚA DE FRANCOS, CALO, TEO (A CORUÑA)

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, D. _____, actuando en representación do concello de Teo, en virtude da súa condición de alcalde da citada corporación segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 24 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Os apartados 1) e 2) do artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos



correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei. Do mesmo xeito, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda aos concellos a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial.

Terceiro: A ponte de Rúa de Francos sobre o río Tinto, preto do lugar de Rúa de Francos na parroquia de Calo, concello de Teo está incluída no Inventario de Pontes Históricas de Galicia da Xunta de Galicia con número C-50 e categoría II (interesante).

Cuarto: Na actualidade a ponte presenta deficiencias estruturais no estribo dereito no que se observa un afundimento e desencaixe da fábrica provocados posiblemente pola filtración continua de auga a través dela. Esta patoloxía non parece recente se non que se foi incrementando nos últimos anos, razón pola que se fai necesario paralizar o dano que se está producindo e evitar a súa ruína polo afundimento da bóveda, especialmente no caso de que o caudal do río aumentase de modo significativo nalgunha época do ano.

Ademais repararase o pavimento deteriorado dun tramo do acceso na beira esquerda, que aínda que non compromete a estabilidade da ponte, dificulta o acceso peonil.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e o concello de Teo para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de reparación e consolidación da ponte da rúa de Francos, Calo, Teo (A Coruña)**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que as obras de intervención previstas para a ponte da rúa de Francos van evitar que continúe deteriorándose este ben e polo tanto impedirán que se produza unha perda irrecuperable para o patrimonio cultural galego, están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo 2, medida 2.1.1.2 “Conservación das pontes históricas galegas”.



Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións oportunas para a execución das obras de reparación e consolidación da ponte da rúa de Francos na parroquia de Calo, concello de Teo, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en función das súas disponibilidades económicas e en consonancia co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto 246/1992 da Consellería de Economía e Facenda (DOG núm. 159 do 17 de agosto de 1992).

Terceira.- Obrigas do Concello de Teo

Pola súa banda, o concello de Teo, comprométense a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Así mesmo, será o responsable de redactar o documento técnico (PBE) para a definición das obras.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, esta poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por:

- Dous (2) representantes da Xunta de Galicia
- Un (1) representante do concello de Teo

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a finalización das obras obxecto do mesmo, previstas para o 31 de xullo de 2018.



En todo caso, a duración máxima prevista non poderá ser superior aos catro anos, salvo que normativamente esté previsto un prazo superior, de acordo co artigo 49 apartado h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade do convenio

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Oitava.- Réxime Xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria,

O alcalde do Concello
de Teo,

Román Rodríguez González